

A hand pointing upwards is centered in the background of the blue section. Overlaid on this is a network diagram consisting of several circular nodes, each containing a person icon, connected by thin lines. The text 'PLAN DIGITAL' is written in large, white, spaced-out capital letters across the middle of the hand and network.

PLAN DIGITAL

[Ceip do Foxo]

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O colexio de Educación Infantil e Primaria (CEIP) do Foxo é un centro de ensino público pertencente á rede pública da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia situado no Foxo, Concello de A Estrada (Pontevedra).

A dirección de correo electrónico é ceip.foxo@edu.xunta.gal e a páxina web é <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipfoxo/>

A oferta educativa do CEIP do Foxo contempla a ensinanza de E. Infantil e a ensinanza de E. Primaria.

Na etapa de Educación Infantil hai tres unidades funcionando: 1 unidade mixta de 4º de Educación Infantil 1 unidade de 5º de Educación Infantil 1 unidade de 6º de Educación Infantil. Na etapa de Educación Primaria hai 6 unidades, unha para cada nivel.

Actualmente durante este curso 2021-2022, 17 mestres integran o Claustro ao cal hai que engadirle unha mestre máis a tempo parcial correspondente ao programa de reforzo educativo PROA+.

Durante este curso o n.º de alumnado é de 119 dos cales 45 corresponden a infantil e 74 a primaria.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

A procedencia do alumnado é basicamente rural. Case todos/as proceden de familias de clase media, na súa maioría dedicadas ao sector servizos e ao sector primario a partes iguais, nas que os niveis de desenvolvemento sociocultural, en algúns casos, son suficientes para levar a cabo procesos de estimulación cos seus fillos/as no fogar e desta forma, colaborar co colexio. Case todos os pais e nais teñen estudos secundarios completos e ao redor do 10% posúen titulación universitaria. O nivel de paro entre as familias dos rapaces/as é relativamente baixo. A idade dos pais/nais sitúase entre os vinte e corenta anos. A lingua vehicular predominante na zona é a Lingua Galega. A maioría das familias dispoñen do equipamento tecnolóxico suficiente para levar a cabo as tarefas que requiran do uso de dispositivos con conexión á rede aínda que detectamos durante o confinamento en algunhas familias

certos problemas de conexión, aspecto que terá que atender sen dúbida o noso Plan Dixital.

Este Plan Dixital está deseñado para que sexa un documento base no que se sustenten tódolos Plans nos que participa o Centro. Estes son: Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE) e nos distintos plans anexos ao mesmo: Biblioteca creativa, voluntariado de lectura... Plan Proxecta no programa de “Aliménta-t ben” e tamén no Proxecto deportivo de Centro, Contratos- programa, no programa Plan de Reforzo, Orientación e apoio (PROA) e na iniciativa ARCO. Outros programas son: Inclúete e o programa Eduemociona de Educación Responsable, o Proxecto Digicraft e Voz Natura.

A PXA do curso 2022-2023 contemplará o noso Plan Dixital para ese curso que será revisado trimestralmente nas sesións de seguimento da PXA. Así mesmo farase unha revisión anual ao finalizar o curso 2022-2023.

1.3. Breve xustificación do mesmo

O marco legal no que se sustenta este Plan dixital é o seguinte:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022. Estas instrucións teñen por obxecto determinar, para o curso académico 2021/2022, aspectos organizativos e medidas educativas necesarias para o desenvolvemento, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, das ensinanzas establecidas ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de

Galicia para o curso 2021-2022. Esta resolución ten por obxecto establecer as medidas de actuación relativas ao deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital para o curso 2021-2022, nos centros docentes sostidos con fondos públicos correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia.

1.4. Proceso de elaboración

O proceso de elaboración deste Plan foi un traballo consensuado e deliberado por tódolos membros do Claustro. A elaboración recaeu sobre o Equipo Tic do Centro pero en todo momento o Claustro foi sabedor do proceso de elaboración do mesmo e estivo aberto a posibles suxestións e aportacións.

O proceso foi o seguinte:

- 1- Elaboración da enquisa SELFIE por parte do Equipo Directivo, do profesorado e do alumnado.
- 2- Análise dos resultados por parte do equipo Tic.
- 3- Elaboración do test de Competencia dixital do profesorado.
- 4- Análise dos resultados por parte do Equipo Tic.
- 5- Elaboración do DAFO por parte do equipo Tic coas aportacións de todo o claustro.
- 7- Elaboración do Plan de acción cos obxectivos a acadar para o vindeiro curso tendo en conta o análise DAFO.
- 8- Redacción do Plan dixital.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O noso centro conta con conexións cableadas en todos os espazos do centro, agás no pavillón polideportivo que carece dos mesmos. Ten, así mesmo, unha rede wifi Abalar, con boa conexión en tódalas dependencias do edificio. Contamos con unha aula de informática e o vindeiro curso 2022-2023 comezamos a participar en Edixgal. Na Biblioteca funcionan 4 ordenadores para o alumnado, 1 equipo de sobremesa para a xestión da biblioteca. Contamos cunha sala para traballo do profesorado con 2 ordenadores de sobremesa conectados en rede con dúas fotocopiadoras. Dirección, xefatura de estudos e secretaría contan con dotación de

ordenadores de sobremesa (1 en cada despacho) ,tres impresoras e un escaner en dirección. Neste curso 2021-2022 instalouse unha conexión nova de internet de fibra óptica. A aula virtual está en funcionamento, contando cunha estrutura completa para dar cabida a todos os cursos e materias, pero non dispoñemos de espazos para a documentación do profesorado,ou para compartir experiencias e recursos. Nestes últimos anos, co gallo dos confinamentos relacionados coa pandemia da Covid, a aula virtual utilizouse de maneira habitual no funcionamento do día a día do Centro. Tódalas aulas onde se imparten as clases contan cun ordenador e un proxector. A totalidade das clases de titoría dos nove niveis que actualmente están en funcionamento dispoñen de PDI. A aula da especialidade de inglés tamén conta cunha PDI. A aula de PT ten un ordenador e unha tablet e a aula de AL dispón dun ordenador. Contamos con dous teléfonos de comunicación do Centro, un en Xefatura conectado con desvío de chamada para outro inalámbrico no despacho de Dirección. A cobertura do inalámbrico non abarca para todo o edificio, quedando a zona do 1º andar sen cobertura telefónica.

A páxina Web do Centro pertencente a rede da Consellería actualízase periódicamente con novas publicacións sendo a canle principal de publicitación do Centro. O medio principal de comunicación coas familias é Abalarmóbil cun 100% de utilización por parte das familias.

A xestión de mantemento do equipamento do Centro lévase a cabo por parte do Equipo Directivo e do Coordinador Tic. As incidencias son atendidas en primeira instancia polo Coordinador Tic que analiza se pode ser resolta ou ten que ser atendida por un técnico externo. Cada ano analízase o equipamento tecnolóxico intentando repoñer aqueles dispositivos que o precisen.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas
-------	--------	------------

		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A - Liderado	Equipo	3.8				
	Profesorado	4.4				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo	3.4				
	Profesorado	4				
	Alumnado	4.1				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo	3.7				
	Profesorado	4				
	Alumnado	4.3				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo	4.1				
	Profesorado	4.4				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo	3.8				
	Profesorado	4				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo	3.9				
	Profesorado	3.9				
	Alumnado	4				
G- Prácticas de avaliación	Equipo	3.7				
	Profesorado	3				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo	3.9				
	Profesorado	3.9				
	Alumnado	4.5				

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>10</u>	<u>10</u>	<u>100%</u>
PROVISIONAL	<u>2</u>	<u>2</u>	<u>100%</u>
INTERINO	<u>4</u>	<u>5</u>	<u>80%</u>
SUBSTITUTO	<u>1</u>	<u>1</u>	<u>100%</u>
OUTROS	<u>0</u>	<u>1</u>	<u>0%</u>

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>89.4</u>	<u>integrador/a (B1)</u>	<u>76.5</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	<u>90</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>68.2</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>
PRI	<u>97.3</u>	<u>Experto/a (B2)</u>	<u>77</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	4	23,5%
B1	6	35,3
B2	5	29,4%
C1	2	11,8%
C2		
TOTAL	17	100,00%

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE e o TCDD o centro xenerou unha análise DAFO que permitiu o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilitou a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p>No noso centro hai dispositivos dixitais que son propiedade do centro ou están xestionados por el e que o alumnado pode empregar cando os precisa</p> <p>No noso centro existen sistemas de protección de datos</p> <p>No noso centro hai dispositivos dixitais para o seu uso no ensino</p> <p>No noso centro facilítase o acceso a internet para o ensino e o aprendizaxe</p> <p>No noso centro, a infraestrutura dixital respalda o ensino e o aprendizaxe con tecnoloxías dixitais</p>	<p>Características do software instalado en algúns dos equipos. Acceso do alumnado a dispositivos dixitais fóra do centro educativo. Algunhas familias non dispoñen dunha conexión de calidade de internet.</p>
	PERSOAL DOCENTE	<p>Debátese sobre as necesidades de DPC para o profesorado no relativo á ensinanza con tecnoloxías dixitais</p> <p>No noso centro debatimos sobre as vantaxes e inconvenientes da ensinanza e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <p>O profesorado busca recursos educativos dixitais en liña.</p> <p>O noso profesorado emprega tecnoloxías dixitais para a comunicación relativa ao centro educativo</p> <p>Participación en proxectos interdisciplinares. Adopción de innovacións educativas por parte do profesorado. Hai boa predisposición por parte do Claustro actual.</p> <p>Transformación da práctica docente co uso da ferramentas dixitais.</p>	<p>Creanse poucos espazos para compartir recursos educativos dixitais.</p> <p>Participase pouco en redes colaborativas profesionais.</p> <p>Resolución de incidencias técnicas. O profesorado non ten moita formación para isto.</p> <p>Tempo do que dispón o profesorado para explorar novas modalidades de ensino.</p> <p>Non se crean moitos recursos educativos dixitais Pouca incorporación por parte do profesorado de tecnoloxías dixitais para a avaliación</p> <p>Dinámicas para reflexionar sobre o uso de recursos dixitais (tratamento da imaxe, protección de dereitos, licenzas, software libre, plaxios... Utilización de recursos dixitais para observar e documentar os progresos</p> <p>O noso profesorado emprega poucos entornos virtuais de aprendizaxe co alumnado</p> <p>O noso profesorado crea poucos recursos dixitais para reforzar a súa labor de ensino. No noso centro non soemos avaliar os nosos progresos en materia de ensinanza e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. Utilízase pouco as tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades dos alumnos</p> <p>Utilízase pouco as tecnoloxías dixitais para que o alumnado poida realizar observacións constructivas sobre o traballo dos seus compañeiros</p>

CATEGORÍAS			<p>Utilízase pouco as tecnoloxías dixitais para facilitar retroalimentación adecuada ao alumnado</p> <p>Utilízase pouco as tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre o seu aprendizaxe.</p> <p>Utilízase pouco as tecnoloxías dixitais para fomentar a creatividade do alumnado</p> <p>Realízase pouco actividades de aprendizaxe dixitais que motivan al alumnado</p> <p>Utilízase pouco as tecnoloxías dixitais para adaptar os métodos as necesidades individuais do alumnado</p> <p>Utilízase pouco as tecnoloxías dixitais para facilitar a colaboración entre o alumnado.</p> <p>Foméntase pouco a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais.</p>
	PERSONAL NON DOCENTE	Estabilidade laboral do persoal non docente.	
	ALUMNADO	<p>H. Competencias dixitais do alumnado</p> <p>No noso centro alumnado aprende a actuar de maneira segura en internet</p> <p>No noso centro o alumnado aprende a actuar de maneira responsable en internet</p> <p>No noso centro o alumnado aprende a comprobar se a información que atopa en internet é fiable e precisa</p> <p>Incorporación nas diferentes materias de conceptos como a verificación da calidade da información, comportamento seguro e responsable do alumnado na internet etc.</p>	<p>Participación do alumnado na autoavaliación e coavaliación empregando ferramentas dixitais.</p> <p>Habilidades dixitais adquiridas polo alumnado en diferentes materia.</p> <p>Competencia por parte do alumnado para a resolución de problemas técnicos dos dispositivos dixitais.</p> <p>H. Competencias dixitais do alumnado</p> <p>No noso centro o alumnado aprende a comunicarse utilizando tecnoloxías dixitais.</p> <p>No noso centro o alumnado aprende a crear contenidos dixitais</p>
	FAMILIAS	D. Desenvolvemento profesional continuo Intercámbianse experiencias dentro da comunidade educativa sobre a ensinanza con tecnoloxías dixitais	Condições socioeconómicas da contorna. Nivel socioeconómico medio-baixo
	OFERTA	Hai acceso a posibilidades de DPC no relativo á ensinanza e o aprendizaxe con tecnoloxías dixitais Apoíase aos Mestres para que exploren novas formas de ensinanza con tecnoloxías dixitais	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO		Carencia dunha estratexia dixital no Centro.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>Oferta de actividades formativas e as condicións para a participación.</p> <p>Utilización de plataformas dixitais promovidas pola administración educativa.</p> <p>Uso activo e creativo de aulas virtuais.</p>	<p>Achegas económicas que recibe o centro son insuficientes para a substitución ou arranxo dos equipos dixitais.</p> <p>Estabilidade laboral do persoal docente. Nos últimos anos houbo moito cambio de profesorado o que dificulta a posta en práctica dunha planificación en materia dixital no Centro.</p> <p>Existencia de proxectos externos.</p> <p>C. Infraestruturas e equipos</p> <p>No noso centro dispónse de asistencia técnica cando surxen problemas coas tecnoloxías dixitais</p>
	LEXISLACIÓN	<p>A lexislación educativa.</p> <p>Política de protección de datos.</p>	<p>Tratamento das licenzas e dereitos de autoría. Falta de formación polo profesorado.</p> <p>Lexislación non educativa que afecta ao sistema educativo. Falta de formación por parte do profesorado das leis non educativas que poden afectar ao noso ámbito, lei de protección de datos, de dereitos de autor...</p>
	CONTORNA		<p>Existencia de estratexias de comunicación con outros centros educativos.</p> <p>Existencia de proxectos externos.</p>
	ANPA	<p>Relación co/a ANPA/s.</p> <p>Participación das familias.</p>	

	OUTRAS ENTIDADES	Colaboración con institucións alleas ao centro educativo.	Existencia de proxectos externos. Relación con persoas que non forman parte da comunidade educativa. B. Colaboración e redes. No noso centro utilizamos tecnoloxías dixitais ó colaborar con outras organizacións.
--	-------------------------	---	---

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: INFRAESTRUCTURA E EQUIPAMENTOS pendente do punto 3.2 do PLAN DIXITAL						
OBXECTIVO 1: (1)	Actualizar o software instalado en algúns dos equipos.				Acadado	
Responsable:	Coordinador Tic				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Instalouse a maqueta Abalar Libre en 9 equipos.					
Valor de partida: (3)	So 0 20% dos equipos dispoñen do sistema operativo Linux da maqueta Abalar libre.					
Valor previsto e data: (4)	0 50 % dos equipos dispoñen do sistema operativo Linux da maqueta Abalar libre.			20 de xuño de 2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1:Instalación en 3 equipos do sistema operativo Linux	Coordinador Tic	20 de decembro de 2022	Asesoría por parte da UAC		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2:Instalación en 3 equipos do sistema operativo Linux	Coordinador Tic	31 de marzo de 2023	Asesoría por parte da UAC		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3:Instalación en 3 equipos do sistema operativo Linux	Coordinador Tic	20 de xuño de 2023	Asesoría por parte da UAC		Realizada	
					Aprazada	

Área/s de mellora: INFRAESTRUCTURA E EQUIPAMENTOS

OBXECTIVO 2: (1)	Garantizar a igualdade no alumnado á hora da elaboración de tarefas na casa que dependan dunha conexión de calidade así como da utilización de dispositivos tecnolóxicos.	Acadado
Responsable:	A orientadora do Centro	Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	% Tarefas enviadas que se poden realizar na casa.	
Valor de partida: (3)	10% familias carecen dos medios tecnolóxicos suficientes para a elaboración de actividades que dependan de dispositivos tecnolóxicos e de conexión á rede.	
Valor previsto e data: (4)	Tódalas actividades mandadas para casa que dependeron do manexo dun dispositivo con conexión á rede garantizaron a igualdade de oportunidades á hora da elaboración das memsmas	20 de xuño de 2023

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
A02.1 Elaboración de enquisa a principios de curso sobre n.º de dispositivos con acceso a internet e tipo de conexión	Profesorado	30/09/2022	Enquisa en papel.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A02.2 Préstamo de ordenadores do programa "Educa en dixital" para aquelas familias que non dispoñan de dispositivos suficientes.	Coordinador Tic	3/10/2022	Ordenadores en préstamo		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A02.3 Con cada actividade que se mande para casa e que requira da utilización dun recurso dixital conexión a internet pasarase unha pequena enquisa á familia para que valoren o nivel de dificultade que tiveron para a realización de dita actividade en canto a n.º de dispositivos e conexión á rede.	Profesorado	Esta liña farase durante todo o curso 2022-2023	Enquisa en papel.		Realizada
					Aprazada
					Pendente

Área/s de mellora: Desarrollo profesional contínuo

OBXECTIVO 3: (1)	Crear espazos para compartir experiencias e recursos educativos entre o profesorado usando Abalarbox ou Aula Virtual e grupo de whatsapp. sendo conscentes de que falamos de ferramentas non corporativas.	Acadado
Responsable:	Coordinador Tic	Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	Nº DE RECURSOS COMPARTIDOS EN ESPAZO CREADO	
Valor de partida: (3)	0 RECURSOS COMPARTIDOS Non dispoñemos dun espazo dixital para compartir recursos educativos entre o profesorado	
Valor previsto e data: (4)	0 100% DO PROFESORADO COMPARTEU 1 RECURSOS (se é 1/profe, o valor previsto serían tantos recursos como profesorado)	20 de xuño de 2023

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
A03.1 Información a principio de curso sobre o uso de "Abalarbox" como aplicación de almacenamento na nube similar a "google drive" e crear unha carpeta compartida de recursos e experiencias.	Todo o profesorado	9 de setembro de 2022	AbalarBox ou Aula Virtual		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A03.2 Compartir un recurso educativo dixital ou non ou algunha experiencia de clase utilizando esta aplicación.	Todo o profesorado	21/12/2022	AbalarBox ou Aula Virtual		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A03.3 Compartir cinco recursos educativos dixitais ou non ou experiencias de clase utilizando esta aplicación.	Todo o profesorado	20/06/2023	AbalarBox ou Aula Virtual		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A03.4 Poñer en marcha un chat da Aula Virtual para solicitar e recibir axuda en canto a experiencias que se queiran facer na aula, recursos e ferramentas.	Todo o profesorado	9 de setembro de 2022	Aula Virtual		Pendente

Área/s de mellora: Competencia dixital do alumnado						
OBXECTIVO 4: (1)	Fomentar a creatividade do alumnado mediante a produción de contidos utilizando medios dixitais.				Acadado	
Responsable:	Coordinador Tic				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	Nº DE CONTIDOS CREADOS POLO ALUMNADO CON MEDIOS DIXITAIS					
Valor de partida: (3)	Non se utilizan habitualmente medios dixitais para a produción de contidos fomentando a creatividade.					
Valor previsto e data: (4)	Ao remate do curso 2022-2023 tódolos cursos fixeron unha actividade na que se fomentou a creatividade mediante a produción dun contido utilizando medios dixitais.			20 de xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A04.1 Poñer en marcha un chat da Aula Virtual para solicitar e recibir axuda en canto a experiencias que se queiran facer na aula, recursos e ferramentas.	Coordinador Tic	9 de destembro de 2022	Aula Virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.2 Poñer en marcha "Abalarbox" como aplicación de almacenamento na nube similar a "google drive" e crear unha carpeta compartida de recursos e experiencias.	Profesorado	9 de destembro de 2022	Abalarbox ou Aula Virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.3 Deseño de polo menos unha actividade na que se fomente a creatividade do alumnado mediante a produción de contidos utilizando medios dixitais.	Profesorado	20 /06/2023	Dispositivos electrónicos			

Área/s de mellora: Pedagogía. Implementación na aula.

OBXECTIVO 5: (1)	Utilizar os dispositivos dixitais para adaptar as metodoloxías ás necesidades específicas de apoio educativo.	Acadado
Responsable:	A orientadora do Centro	Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Nº DE CONTIDOS ADAPTADOS	
Valor de partida: (3)	Normalmente non se utilizanU dispositivos dixitais para adaptar as metodoloxías ás necesidades específicas de apoio educativo	
Valor previsto e data: (4)	1 CONTIDO ADAPTADO POR NENO E TRIMESTRE	20 de xuño de 2023

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A05.1 Crear unha carpeta compartida en Abalar box do Departamento de orientación para compartir experiencias e recursos para atender as necesidades de apoio educativo.	Profesorado	9 de setembro de 2022	Abalarbox ou Aula Virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.2 Adquirir dúas tablets para os departamentos de orientación e AL (Solicitar CAP V - Art 77 Lei At. Diversidade)	Coordinador Tic	21/12/2022	Tablets		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.3 Crear un contido dixital polo menos unha vez en cada trimestre para cada neno que reciba apoio por parte da especialista de AL e PT.	Especialistas de AL e PT	20 de decembro de 2022	Dispositivos dixitais no departamentode orientación.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Competencia dixital do alumnado

OBXECTIVO 6: (1)	Deseñar proxectos interdisciplinares sobre o proxecto anual do Centro nos que o alumnado participe de maneira colaborativa na creación dun contido dixital.	Acadado
Responsable:	Sandra Caneda Mato	Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	NÚMERO DE CONTIDOS DIXITAIS CREADOS NO PROXECTO ANUAL DE CENTRO .	
Valor de partida: (3)	0 proxectos proxectos interdisciplinares creando un contido dixital sobre o proxecto Anual.	
Valor previsto e data: (4)	1 proxecto interdisciplinar creando un contido dixital sobre o proxecto Anual.	20 de xuño de 2023

ACCIÓN A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
A06.1 O Claustro pensa un proxecto interdisciplinar anual relacionado co proxecto anual do Centro no que o alumnado participe de maneira colaborativa na creación dun contido dixital	Profesorado	15/11/2022	Chat da Aula Virtual e reunións semanais.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A06.2 Execución do proxecto anual do Centro no que o alumnado participe de maneira colaborativa na creación dun contido dixital	Profesorado	31 de marzo de 2023	Diferentes dispositivos tecnolóxicos.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A06.3 Publicitación do contido dixital feito de maneira colaborativa mediante a páxina web ou mediante outros medios.	Coordinador Tic	13 de abril de 2023	Páxina web do Centro e posibles organismos externos.		Realizada
					Aprazada
					Pendente

Área/s de mellora: Infraestrutura e equipos						
OBXECTIVO 7: (1)	Poñer en marcha un sistema de asistencia técnica dos equipos informáticos de rexistro de incidencias mediante unha aplicación informática.				Acadado	
Responsable:	Coordinador Tic				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	APLICACIÓN PARA REXISTRO DE INCIDENCIAS					
Valor de partida: (3)	0 sistemas de asistencia técnica dos equipos informáticos de rexistro de incidencias.					
Valor previsto e data: (4)	1 Sistema de asistencia técnica dos equipos informáticos de rexistro de incidencias utilizando unha plataforma dixital aproveitándonos da colaboración e axudas por parte de todo o profesorado.			20 de xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A07.1 Información a principios de curso do funcionamento desta aplicación	Coordinador Tic	9 de setembro de 2022	Aplicación de rexistro de incidencias		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A07.2 Revisión diaria desta aplicación para atender as necesidades por parte do todo o profesorado para valorar se se pode atender por parte dos mesmos ou hai que recurrir a unha asistencia externa.	Todo o profesorado	Diariamente	Aplicación de rexistro de incidencias		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A07.3 Análise ao remate de cada trimestre do funcionamento desta aplicación e se foi productiva ou non.	Todo o profesorado	9 de setembro de 2022 31 de marzo de 2023 20 de xuño de 2023	Reunións de revisión da programación.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Pedagogía. Apoios e recursos

OBXECTIVO 8: (1)	Utilizar de maneira regular e habitual a aula de informática do Centro deseñando un Plan de actuación progresivo de contidos de 1º a 6º.	Acadado
Responsable:	María Sangiao	Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	PLAN DE CONTIDOS DE 1º A 6º	
Valor de partida: (3)	O 70% dos cursos utilizan de maneira habitual a aula de informática pero non hai un Plan de contidos progresivo na etapa de primaria.	
Valor previsto e data: (4)	O 100% dos cursos utilizan de maneira habitual a aula de informática e traballáronse os contidos específicos do Plan no curso de 1º.	20 de xuño de 2023

ACCIÓN A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
A08.1 Informar aos titores do uso da aula de informática e entrega dos contidos a traballar en informática en 1º de EP para o curso 2022-	Coordinador Tic	9 de setembro de 2022			Realizada
					Aprazada
					Pendente
A08.2 Identificación dos compoñentes básicos dun ordenador e o seu coidado en 1º de EP	Titor de 1º	21/12/2022	Ordenadores da aula de informática		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A08.3 Uso do cartafol para organizar a información en 1º de EP.	Titor de 1º	31/03/2023	Ordenadores da aula de informática		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A08.4 Comezar a utilizar un programa de mecanografía en 1º de EP	Titor de 1º	20/06/2023	Ordenadores da aula de informática e o programa de mecanografía.		Realizada
					Aprazada
					Pendente

Área/s de mellora: Competencia dixital do alumnado

OBXECTIVO 9: (1)	Deseñar para todos os cursos actividades de maneira regular nas que o alumnado teñan que manipular as tablets.	Acadado
Responsable:	Sandra Caneda Mato	Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	Nº DE CURSOS QUE USAN AS TABLETS DE MANEIRA REGULAR	
Valor de partida: (3)	3 cursos usan as tablets de maneira regular nas clases.	
Valor previsto e data: (4)	6 CURSOS Todos os cursos de primaria utilizan as tablets para actividades dentro de aula de maneira regular e habitual.	20 de xuño de 2023

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
A09.1 Diseñar un sistema de uso de tablets parecido ao de uso da aula de informática onde tódolos cursos teñan asignadas unhas horas coa posibilidade de usalas máis horas anotándose previamente nun cadro semanal.	Coordinador Tic	9 de setembro de 2022	HORARIO SEMANAL EN PAPEL		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A09.2 Información a principios de curso do funcionamento do uso das tablets.	Coordinador Tic	30/09/2022	Tablets		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A09.3 Diseñar polo menos dúas actividades na que o alumnado teña que manipular as tablets para realizar algunha actividade.	Profesorado	21/12/2022	Tablets		Realizada
					Aprazada
					Pendente
A09.4 Diseñar catro actividades nas que o alumnado teña que manipular as tablets para realizar algunha actividade.	Coordinador Tic	20/06/2023	Tablets		Realizada
					Aprazada
					Pendente

3.2. o e de infraestruturas tecnolóxicas

Necesidades de infraestruturas tecnolóxicas, de equipamento e de servizos dixitais educativos do Ceip do Foxo:

As nosas necesidades prioritarias son as seguintes:

- 1 equipo informático de sobremesa para a sala de mestres para intentar acadar os obxectivos 3 e 7 deste Plan dixital.
- Dúas tablets para a especialista de AL e para o departamento de orientación para acadar o obxectivo 5.
- Intervención da unidade informática da Consellería para a migración dos sistemas operativos de 9 equipos informáticos á maqueta Abalar para atender ao obxectivo número 1 deste Plan dixital
- 2 tablets para engadir ás xa existentes no Centro para atender os obxectivos 4 e 9.
- 2 ordenadores de sobremesa para comezar a repoñer os equipos da aula de informática e así atender o obxectivo número 8.

4. Avaliación do plan

- Este Plan será revisado trimestralmente ao comezo de cada período trimestral para analizar os estados da execución das accións de cada obxectivo e facer as oportunas modificacións de ser o caso.
- Ao rematar o curso escolar farase unha avaliación final valorando a consecución dos obxectivos e as propostas de mellora para o seguinte curso.

5. Difusión do plan

Este Plan será Aprobado en sesión ordinaria de Claustro e de Consello Escolar. Así mesmo publicitarase na páxina web no apartado de documentos do Centro. Tamén pasará a formar parte da Programación Xeral Anual e darase unha copia a todo o profesorado de nova incorporación.

